

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 28 DE SETEMBRO DE 2015

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e oito de setembro de dous mil quince, reúnen os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria debidamente convocada para as vinte horas e trinta minutos de dito día, dando comezo ás vinte horas e trinta e cinco minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria Mª Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, Dna. Mª Pilar Espinosa Novelle, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina Mª Douton Rajo.

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: Dna. Mª Pilar López Martínez, Dna. Mª Alicia I. Cadarso Palau, Dna. Mª José Vega Buján, D. Emilio José Sánchez Iglesias, D. Víctor López Mateo.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Mª Julia Rodríguez Barreira, D. Emilio Ivan Vázquez Rodríguez, Dna. Mª Purificación Argiz Quintas, D. Francisco José Cela Rodríguez, D. Manuel Jesús López Sánchez.

Grupo municipal de Esperta Monforte: Dna. Mª Isabel García Díaz.

Interventora: Dª Mª Fe González Marquina.

Secretario: D. José Mª Baños Campo, que dá fe do acto.

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día. Indica que como hai varias iniciativas que concordan, debatiranse conxuntamente.

1. ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO 27 DE XULLO DE 2015.

Non hai ningunha observación respecto ao borrador remitido coa convocatoria. Sometido a votación, o Pleno por unanimidade acorda aprobar a Acta da sesión ordinaria da Corporación municipal, do 27 de xullo de 2015.

2. CORRECCIÓN DO ACORDO DO PLENO ANTERIOR SOBRE CUSTOS E RETRIBUCIÓN POLA E.T.A.P. DE RIBASALTAS.

Polo Sr. Secretario dáse conta do que resulta do pronunciamento habido na Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos, acordándose en consecuencia o seguinte:

“Na sesión plenaria do 27 de xullo de 2015, tomouse un acordo que na parte decisoria dicía o seguinte:

*Pleno da Corporación
Sesión ordinaria do 28.09.2015*

“Recoñecer como custos de explotación da E.T.A.P de Ribasaltas, e conseguinte retribución á empresa concesionaria do servizo, a contía de 150.556,03 euros, mantendo a estes efectos o criterio e cálculos que resultan do informado pola “Área Servizos-Intervención” o 28 de febreiro e o 13 de marzo de 2014.”

Aqualia, a empresa concesionaria, presenta un escrito sobre que non se trata de custos, senón de sobrecustos –diferenza entre a nova ETAP e a anterior-, e que a contía ten carácter anual.

Iso é así sen dúbida, segundo se colixe do expediente, pero tamén é certo que no acordo transcribiuse literalmente a proposta, aínda que non fose moi afortunada a redacción. Non estamos polo segundo nunha mera corrección de erros da acta da sesión, pero tampouco é o escrito da concesionaria un recurso contra o acordado. Considérase como máis adecuado que se corrixa o acordo, polo que o Pleno, aprobando para o mesmo unha nova redacción, adopta por unanimidade o seguinte

ACORDO

Recoñecer como sobrecustos de explotación da E.T.A.P de Ribasaltas, e conseguinte retribución á empresa concesionaria do servizo, a contía de 150.556,03 euros anuais, mantendo a estes efectos o criterio e cálculos que resultan do informado pola “Área Servizos-Intervención” o 28 de febreiro e o 13 de marzo de 2014.”

PARTE RESOLUTIVA

3. CONTA XERAL DE 2014. CONCELLO E INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIA.

Polo Sr.Secretario dáse conta de que este axunto xa foi informado pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Comisión Especial de Contas, con carácter previo súa exposición pública, acordándose en consecuencia o seguinte:

“Formada por Intervención a Conta Xeral do Concello de Monforte de Lemos correspondente ao exercicio de 2014, comprensiva da Conta da propia Entidade e da do seu organismo autónomo Instituto Municipal de Drogodependencias, foi informada en sentido favorable pola Comisión Especial de Contas, en sesión celebrada o 23 de xullo de 2015; seguíronse os trámites do art. 212.3 da Lei Reguladora das Facendas Locais: exposición pública por prazo de 15 días, a efectos de reclamacións, reparos ou observacións en dito prazo e 8 días máis. Así foi recollido no anuncio publicado no B.O.P. nº 177 do 4 de agosto de 2015. Non se produciron reclamacións, reparos ou observacións, que houbera que someter novamente á Comisión Especial de Contas.

O Pleno, por unanimidade , adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral do Concello de Monforte de Lemos correspondente ao exercicio de 2014, comprensiva da Conta da propia Entidade e da do seu organismo autónomo Instituto Municipal de Drogodependencias, coas seguintes magnitudes e cifras a fin de exercicio:

CONCELLO.-

- Balance de situación. Activo e Pasivo: 54.672.021,25 €.
- Resultado económico-patrimonial. Aforro: 2.649.688,52 €.
- Resultado orzamentario: 2.576.307,85 € (Dereitos recoñecidos netos /13.218.019,28 €/ menos Obrigas recoñecidas netas /10.641.711,43 €/).
- Resultado orzamentario axustado (axustes por gastos financiados con remanente de tesourería e polas desviacións de financiamento): 2.632.091,39 €.
- Remanente de tesourería total: 6.760.741,96 €.
- Remanente de tesourería para gastos xerais (minorado o anterior cos saldos de dubidoso cobro e o exceso de financiamento afectado): 4.264.516,67 €.

INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIA.-

- Balance de situación. Activo e Pasivo: 59.849,82 €.
- Resultado económico-patrimonial. Aforro: 233,22 €.
- Resultado orzamentario: 233,22 € (Dereitos recoñecidos netos /235.354,30 €/ menos Obrigas recoñecidas netas /235.121,08 €/). Non hai axustes.
- Remanente de tesourería para gastos xerais, igual ao total: 21.848,27 €.

SEGUNDO.- Remitir en prazo e forma debidos a Conta Xeral de 2014 ao Tribunal de Cuentas e ao Consello de Contas de Galicia.”

(Non houbo intervencións neste asunto).

4. ACORDO PARA SOLICITAR A DELEGACIÓN DA INSPECCIÓN DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS ANTE A AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA.

Foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Comisión Especial de Contas. En base a dito ditame, acórdase o seguinte:

“De conformidad con lo preceptuado en el apartado 3 del artículo 91 del Texto Refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, se establece la posibilidad de la delegación de la competencia inspectora del Impuesto sobre Actividades Económicas que corresponde a los órganos competentes de la administración tributaria del Estado en los Ayuntamientos, Diputaciones Provinciales, Cabildos o Consejos Insulares, y otras Entidades Locales reconocidas por las leyes y Comunidades Autónomas que lo soliciten, y las fórmulas de colaboración que puedan establecerse con estas entidades, todo ello en los términos que disponga el Ministro de Hacienda.

Así mismo, el artículo 18.2 del Real Decreto 243/1995, de 17 de febrero, por el que se dictan normas para la gestión del Impuesto sobre Actividades Económicas y se regula la delegación de competencias en materia de gestión censal de dicho Impuesto, dispone que “ No obstante, cuando se trate de cuotas municipales, las competencias en materia de inspección del Impuesto podrán ser delegadas por el Ministro de Hacienda en los Ayuntamientos, Diputaciones Provinciales, Cabildos o Consejos Insulares, Comunidades Autónomas y otras Entidades Locales reconocidas por las leyes que lo soliciten. Las Diputaciones Provinciales, Cabildos o Consejos Insulares, Comunidades Autónomas y otras Entidades Locales reconocidas por las leyes harán constar expresamente en la solicitud de delegación de competencias los términos municipales de su ámbito territorial en los que vayan a desarrollar las competencias solicitadas. Las solicitudes deberán presentarse antes del 1 de octubre del año inmediato anterior a aquél en el que hayan de surtir efecto ante la Delegación de la Agencia Estatal de Administración Tributaria. La delegación se llevará a efecto mediante Orden del Ministro de Hacienda publicada en el «Boletín Oficial del Estado» antes del inicio del año natural en el que haya de surtir efecto. A tal fin, el Director General de la Agencia Estatal de Administración Tributaria, previos los informes y estudios que estime oportunos, popondrá al Ministro de Hacienda la concesión o denegación de las solicitudes.”

Visto o que antecede, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

“PRIMERO.- Solicitar al Ministerio de Economía y Hacienda la delegación de la competencia inspectora, que el artículo 91.3 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, atribuye a los órganos da Administración Tributaria Estatal, respecto del Impuesto sobre Actividades Económicas del Ayuntamiento de Monforte de Lemos, con los límites y condiciones establecidos en la Orden de 10 de junio de 1992 del Ministerio de Economía y Hacienda por la que se desarrolla la delegación y colaboración en la Inspección del Impuesto sobre Actividades Económicas.

SEGUNDO.- Facultar al Ilmo. Sr. Alcalde para la realización de las gestiones necesarias y formalización de los documentos precisos en orden a la ejecución del presente acuerdo.”

(Non houbo intervencións neste asunto).

5. ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO ASINADO ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO E A XUNTA DE GALICIA PARA A IMPLANTACIÓN DUNHA REDE DE OFICINAS INTEGRADAS DE ATENCIÓN AO CIDADÁN NO ÁMBITO TERRITORIAL DE GALICIA.

Polo Sr.Secretario dáse lectura do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame, acórdase o seguinte:

“Visto o convenio publicado no Diario Oficial de Galicia do 27 de xullo de 2015, por Resolución do 13 de xullo de 2015, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que tamén figura no Boletín Oficial do Estado do 4 de agosto de 2015, considerando de interese a adhesión ao mesmo para un mellor servizo á cidadanía, que no caso deste Concello, concretaríase nunha Oficina de contacto, segundo o previsto nas cláusulas terceira e cuarta do Convenio,

O Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

Manifestar a vontade do Concello de Monforte de Lemos (Lugo) de adherirse expresamente a todas e cada unha das Cláusulas do Convenio marco asinado entre a Administración Xeral do Estado e a Xunta de Galicia para a implantación dunha rede de oficinas integradas de atención ao cidadán no ámbito territorial de Galicia.”

(Non houbo intervencións neste asunto).

6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA QUE A CIDADE DE MONFORTE DE LEMOS ACOLLA A REFUXIADOS DE GUERRA.

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción e a que figura no punto 17 da orde do día, foron ditaminadas favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. A moción deste punto 6 di o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Millóns de persoas afectadas polas guerras están escapando dos seus países en busca dunha vida mellor en Europa.

Cada día estamos observando imaxes dramáticas, e escoitando como millóns de familias teñen que fuxir do seu país para escapar da guerra, o horror e a destrución.

O empeoramento da guerra civil siria ten intensificado a catástrofe humanitaria. Durante o pasado ano, unha media de 141.000 sirios abandonaron o seu país cada mes. En total suman 1,7 millóns: un 340% máis que en 2012. Cada un arrastra a súa propia traxedia: bombardeos, extorsións, torturas, violacións, desolación e morte.

Atopámonos, polo tanto, diante un punto de non retorno. As diferentes axencias da ONU estiman que serán necesarios 4.720 millóns de euros, tan só neste ano, para tratar de facerlle fronte a esta catástrofe humanitaria. Trátase da maior cantidade solicitada na

historia nun único conflito, o que quere dicir que estamos a falar da maior catástrofe humanitaria e de desprazados dende a Segunda Guerra Mundial.

Antonio Guterres, Alto Comisario de ACNUR, non dubidou en cualificala como “a crise mais perigosa para a paz e a seguridade global dende a Segunda Guerra Mundial”.

Probablemente o peor esté por chegar, xa que existen escasas posibilidades de que a situación sobre o terreo mellore no curto prazo. Como se ten advertido recentemente, o Plan de Resposta para Siria elaborado pola Oficina para a Coordinación de Axuda Humanitaria da ONU, “sen unha perspectiva inmediata de paz á vista, a combinación do conflito, o deterioro das oportunidades económicas e a diminución dos servizos sociais poderían xerar maiores niveis de desprazamento dentro de Siria e a rexión”, cousa que nos últimos días está a suceder dunha maneira multitudinaria.

Monforte de Lemos, sendo a cidade que é, e tendo a importancia que ten, non pode quedar á marxe do sufrimento que millóns de familias están padecendo. Trátase xa dun ataque directo ós dereitos humanos, un drama real que viven familias, nenos e nenas, que hai non moito tempo facían unha vida normal, alonxados de guerras e violencia. Na cara desas persoas, que hoxe coñecemos a través dos medios de comunicación, podemos ver dalgún xeito a aqueles miles e miles de galegos e galegas que tiveron que emigrar, a aqueles miles e miles de españois (440.000 a Francia durante a Guerra Civil 1936-1939) que fuxiron da guerra civil. Calquera deles podería ser o noso irmán, o noso fillo, o noso veciño ou o noso avó.

Monforte non pode solucionar este problema europeo. O Goberno central debe asumir dunha vez por todas e con forza, a súa responsabilidade e dar resposta urxente a esta realidade.

Pero Monforte tampouco debe nin quere quedar á marxe e, na medida das suas posibilidades, debe axudar a aquelas persoas que poida. Estamos falando dunha traxedia humana, de familias enteiras que escapan da guerra e da miseria, que arriscan a súa vida e que teñen rostro.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG, solicita da Corporación en Pleno, a adopción dos seguintes:

ACORDOS

1. Crear urxentemente unha Comisión de traballo que, asumindo o carácter extraordinario da situación, elabore un Plan de actuación para ver de que maneira a nosa cidade xunto con asociación sociais monfortinas podemos acoller a estas persoas. Esa comisión debería contar coa presenza dos Servizos Sociais municipais, así como un protagonismo destacado da asociación que se vén dedicando a axudar a familias necesitadas na nosa cidade.

2. Que o Concello de Monforte dedique os recursos que esa comisión considere necesarios para poñer a disposición dun número determinado de refuxiados, ademais de coordinar a iniciativa privada que queira colaborar.
3. Que a Comisión de traballo contacte con ACNUR para dar os primeiros pasos e seguir os trámites oportunos que garantan que se actuará de forma eficaz.
4. Que o Concello de Monforte lle comunique ao Goberno Central este acordo.”

Tralas intervencións regulamentarias, en debate conxunto coa moción do punto 17 da orde do día, o Pleno, por seis votos a favor (Grupos do BNG e de Esperta Monforte) e once votos en contra (Grupos Socialista e do PP), adopta o seguinte

ACORDO

Non aprobar a moción do grupo municipal do BNG para que a cidade de Monforte de Lemos acolla a refuxiados de guerra.

No debate conxunto deste asunto e do 17 da orde do día, producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que le a moción do seu Grupo.

De D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez, portavoz suplente do Grupo do PP, que expón a moción do seu Grupo. Di que o BNG fala de instar, o Estado xa está traballando. O Goberno ten un Grupo interministerial. Non está de acordo coa moción do BNG. Le os acordos da moción do seu Grupo.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que xa na Comisión informativa se mostrou a favor da moción do BNG. Nós tiñamos presentado unha solicitude de reunión dos voceiros municipais e dun grupo de traballo conxunto. A favor da moción do BNG. Abstención na do PP, porque non ten a concreción de traballo da outra.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que este é un traballo conxunto, e coordinado das distintas administración. Non quere dicir que non colaboren colectivos e asociacións. Monforte non quedou á marxe nin vai quedar. Na FEGAMP, fomos dos dez primeiros Concellos que nos ofrecemos. Tamén nos diriximos á FEMP. Sobre a moción do BNG, unha comisión de traballo non vai arranxar nada. Debemos actuar de acordo coa FEMP, a FEGAMP e o Goberno do Estado. No punto 2º, é un pouco esaxerado o dos recursos que diga a comisión, haberá que ver o orzamento. No punto 3º, non temos competencia sobre ACNUR. Non vemos isto como maneira de corrixilo. Primeiro ver que nos piden e despois decidir. Le dun documento enviado pola FEGAMP cun cuestionario a cumprimentar sobre aloxamentos posibles. A nosa proposta é de 15 persoas, uns tres pisos, ofertamos igual que Lalín ou Betanzos.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que na moción do PP hai xeneralidades, na súa cousas concretas. Non do Concello illado, senón en coordinación. Hai noticias de 18.000 refuxiados para o Estado español, en dúas etapas. Le declaracións da vicepresidenta do Goberno. E críticas da CEAR sobre a actuación de Europa. O Goberno primeiro foi reticente e insolidario, mentres Francia ou Alemaña aumentaban cupos. Benvida sexa unha nova actitude do Goberno.

De D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez, que di que todos estamos de acordo en que é un problema complexo, non solucionable no Concello. Si hai medidas concretas na nosa moción, propoñemos intentar unha declaración conxunta dos catro Grupos.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que xa manifestou antes o voto. Hai que contar co que temos e co que podemos facer. De acordo que non temos competencias directas, pero é bo un grupo de traballo para ver do que dispomos.

Do Sr. Alcalde, que di que lle parece ben a declaración conxunta que propón o PP. Está o noso compromiso de colaborar para acoller a aqueles que nos digan. Agora é asumir o drama humano, e o resto esperar ao que nos asignen outras administración. Sabemos co que contamos, non temos albergues, podemos alugar pisos. Se lles parece redactar ese texto, ben; e se non, seguimos.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que non é incompatible. Non ten problema en retirar o punto 2, sobre recursos. O que queremos é a comisión de traballo, para ir avanzando. Noutros lugares, hai coordinación con sectores sociais, non vemos por que ese medo ou reticencia en Monforte. Non é colgarnos medallíñas, levamos feito traballo para ver a dispoñibilidade da iniciativa privada. Se non se crea esa comisión, nós como Grupo seguiremos traballando.

De D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez, que reitera o da acción coordinada. Propoñemos votar unha decisión de texto conxunto; e se non, cada moción.

Do Sr. Alcalde, que le un texto que lle fixo chegar Anova, que ante a situación, pon a disposición a súa organización, militantes e infraestrutura. Queda dada conta.

7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ESPERTA MONFORTE DE PETICIÓN DUN LOCAL PARA A ASOCIACIÓN “RULIÑOS TERRA DE LEMOS” E OUTRAS SIMILARES.

(No debate deste asunto auséntase e reincorpórase Dna. Gloria Mª Prada Rodríguez).

Polo Sr. Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e coas emendas incorporadas tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Exposición de motivos.

Temos en Monforte e na comarca gran cantidade de nenos/nenas e adolescentes con unha problemática tremenda; problemas físicos e psíquicos cos que as súas familias, cando reciben o diagnóstico, non saben que facer, a donde ir, quen lles pode informar con veracidade de por onde comezar... etc.

Estou a falar do chamado diagnóstico de Enfermidades Raras, chamadas así por ser pouco frecuentes pero non por eso menos importantes. Temos a sorte de que en Monforte naceu unha asociación baixo o nome de “Ruliños Terra de Lemos” formada na actualidade polos pais e nais de nenos/nenas con autismo, síndrome de Rett, síndrome de Willians...etc. E outros aínda sen diagnóstico definitivo. Estes pais o saben moi ben; porque sufriron dificultades de todo tipo (económicas, laborais, emocionais) ata chegar a ese diagnóstico e por iso se uniron e están a poñer enriba da mesa a súa colaboración para asesorar a novos pais que no futuro se enfrenten a estes problemas.

Señores concelleiros, estos pais dano todo, tempo, traballo, ganas e sobre todo exemplo. A nós só nos demandan un local no que poder facer esta labor, nin siquiera ten que ser exclusivo para eles, podendo compartilo con outras asociacións de servizo á sociedade, e estoume a lembrar de CONVOS-CO, Asociación de familiares de pacientes ingresados, e residencias como Geriatros e que levan desenrolando un gran traballo na mellora dos cuidados a persoas internas con todo tipo de demencias ou/e discapacidades.

Ruliños Terra de Lemos, presentouse en sociedade publicamente nun acto celebrado o pasado luns 14 de Setembro no Centro Cívico, os alí presentes, pais, profesores, psicólogos, psicopedagogos, logopeda e público en xeral, poidemos escoitar como para desenrolar obradoiros e terapias, pero sobre todo, para recibir a familias rotas por un diagnóstico que lles vai marcar o resto da vida e que precisan falar, pedir consello, información sobre os pasos a seguir, úrxelles un local e e por eso teñen rexistrada a petición neste concello.

É por esto que o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

1. Instar ao equipo de goberno a dotar dun espazo público á Asociación Ruliños Terra de Lemos acordando ca propia Asociación un cronograma de días e horas nas que precisarían dito espazo.
2. Si no futuro outras asociacións de fins similares solicitaran local, compartirían espazo.
3. Instar ao equipo de goberno do Concello de Monforte a poñer a disposición das asociacións de interese social que o soliciten e non dispoñan dun local propio,

un local público no que poidan desenrolar as súas actividades, en particular a Asociación Ruliños de Monforte.“

No debate deste asunto, producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que le a moción. Presenta unha modificación do punto 1 dos acordos da moción. Non importa a literatura, senón o fondo. Creo que o Concello ten locais para facer isto posible. As emendas sírvenme todas, asúmoas todas. O importante é que saia o compromiso.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que a asociación desta iniciativa ten como base a problemática das doenzas raras. Felicítamos aos pais e nais, polo acto de valentía e entrega ao facer esta asociación. Vai apoiar este Grupo que dispoña de local. A súa emenda vai nesa liña. Le a emenda, engadindo “en particular a Asociación Ruliños de Monforte”. Pero mellor unha valoración global. Sabemos de asociacións que levan pedindo locais, sen obtelo por problemas de dispoñibilidade. De acordo coa corrección de Esperta Monforte, pero tamén queremos o noso “Instar...”. Non é literatura, é equidade. Solicitamos que se incorpore a nosa emenda de substitución, que pode ser de adición.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que está de acordo co espírito da moción. Pero como dixemos en Comisión informativa, presentamos unha emenda para “delimitar os espazos dispoñibles do Concello de Monforte de Lemos e elaborar un cronograma para poder compartir estes espazos con outras asociacións con fins sociais”. Refírese a varias asociacións que usan edificios municipais, como o multiusos. Dille ao PP que concrete sobre locais solicitados e non concedidos no pasado, a ela non lle consta que se teña denegado ningunha solicitude. Hai que facer cronograma para utilizar os recursos do Concello. O que presenta coincide con Esperta Monforte, a favor da moción.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di estar de acordo coa sensibilidade da moción, un drama máis próximo que o dos refuxiados. Recollemos o testigo e estaremos a disposición de tódalas asociacións. Favorable á moción e ás emendas. Os recursos son limitados, hai máis solicitudes que locais. Intentaremos concilialo. Facemos nosas as reivindicacións de actividades como estas.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que os Grupos teñen unha posición considerada cara á súa moción. Poderían vir nenos e pais e entón verían a emoción. Non hai problema coa emenda do PP, como adición. Tamén acepto a emenda do BNG. Que se busque lugar e horario.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que o espírito é coincidente. Non é este o entorno para analizar a xestión da Concellería de Servizos Sociais do goberno anterior. Refírome a afectados de fibromialxia, pero non para cuestionar o labor da concelleira.

Para o futuro, queremos establecer un compromiso, e desexarlle á Asociación Ruliños moita sorte nas súas tarefas, unha vez inscrita en xuño como asociación.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que tivo a asociación antes referida un local na Casa de Cultura. En visita a Prodeme, atopeime cunha señora da asociación e faciliteille o teléfono, non me consta escrito. Se foi como di o PP, foi un erro, pero non lle consta. Hai que aproveitar os recursos do Concello.

De D. Iban Torres Rodríguez, que reitera que a iniciativa é positiva. Consideramos ver un ámbito máis global que o dun problema puntual. É os espírito deste equipo de goberno. Asumimos emendas que dan un tratamento máis amplo.

De Dna. Maribel García Díaz, que espera que o que di o portavoz do PSOE non supoña dilación. Quero compromiso, por iso acepto a moción. Precisa Ruliños saber lugares, días e horas con brevidade. Non é o mesmo caso que o doutras asociacións que teñen local.

Do Sr. Alcalde, que fai unha aclaración sobre as que teñen ou non local.

(O BNG retira a súa emenda. O acordo queda co punto 1 corrixido por Esperta Monforte, o punto 2 segundo a moción presentada, e o punto 3, co engadido do PP).

8. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ESPERTA MONFORTE SOBRE DOTACIÓN E MANTEMENTO DE SERVIZOS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DO REBOREDO.

(No debate deste asunto auséntanse e reincorpóranse D. Iban Torres Rodríguez e Dna. M^a Pilar Espinosa Novelle).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e cunha corrección incorporada tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Exposición de Motivos:

Creado por SIGALSA (solo Industrial de Galicia) en 1984 cunha superficie de 365,000 metros cadrados, dos que para solo industrial eran 275,000.

Na actualidade xestionado pola firma “Suelo Empresarial del Atlántico “,sociedade participada maioritariamente polo Ministerio de Fomento en menor contía pola Xunta de Galicia a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo. Como ven saben no mes de abril anunciase unha rebaixa do 50% no solo industrial do Polígono.

O 4 de marzo de 2015 publicase no Diario Oficial de Galicia a convocatoria de axuda para mellora das infraestruturas dos parques empresariais de Galicia e unha vez mais como os anos anteriores Monforte queda fora, feito denunciado por *espertamonforte!* En agosto enterámonos naquel momento polos medios de comunicación e en boca de Sr. Alcalde que quedamos en 5º lugar de reserva e que si outros concellos que están por diante renuncian aínda nos pode tocar unha “partidíña”, pois ben fomos agraciados e si todo se fai en tempo e forma recibiremos unha axuda de 103,000 euros na mellora da depuradora do polígono o que parece facilitará que 10,152 metros cúbicos sexan tratados por ano.

espertamonforte! Celebra que houbera este remanente pero non se conforma coa situación de abandono que esta a sufrir o polígono do Reboredo pois como nos informaron os empresarios que aínda alí quedan. “Poden poñer o solo ao prezo que queiran, como si o regalan, non van vir empresas si non se acomete unha inversión que solucione a subministración eléctrica, auga, Internet en condicións ,conservación de vías, accesos... etc.

Levamos dende o ano 2003, en torno as 30 sancións de confederación hidrográfica polos vertidos ao Rio Cabe a través do Regato do Carballo. Pois con todo a Consellería de Economía e Industria segue esquecendo as peticións do Concello de Monforte.

Por todo isto, o Pleno, por doce votos a favor (Grupos de Esperta Monforte, Socialista e do BNG) e cinco abstencións (Grupo do PP), adopta o seguinte

ACORDO

1ª Instar a Xunta de Galicia e mais concretamente a Consellería de Industria para que de unha vez por todas se faga unha discriminación en positivo que permita facer no polígono as melloras na subministración eléctrica, auga e Internet imprescindible para calquera Polígono empresarial.

2ª Instar á Xunta de Galicia para que presuposte partida para a conexión da N-120.

3ª Instar ao equipo de goberno o mantemento e limpeza de vías en todo aquilo que sexa competente.”

No debate deste asunto, producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que le a moción e os acordos. Na Comisión informativa houbo debate sobre a discriminación positiva; é por xustiza, e por chamar a atención pola discriminación negativa de anos anteriores.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di coincidir co espírito desta moción. Le a súa emenda de substitución do punto 1 e 2 polo seguinte

*Pleno da Corporación
Sesión ordinaria do 28.09.2015*

texto: "1. Instar ao equipo de goberno do Concello de Monforte a solicitar todas as axudas e subvencións que se convoquen por outras administracións, dirixidas á mellora dos servizos e instalacións do Polígono do Reboredo, e a realizar todos os trámites para que mediante colaboracións e convenios coas restantes administracións se efectúen melloras na subministración eléctrica, abastecemento de auga, saneamento, xestión de residuos e tecnoloxías da información.- 2. Instar as administracións competentes que realicen os estudos e trámites necesarios para darlle continuidade a carretera LU-P-3205, que leva ó polígono industrial do Reboredo, ata conectala coa N-120 para proporcionarlle a este polígono unhas accesos coa capacidade e anchuras suficientes para un tráfico de mercaderías moderno". Este Grupo non é sospeitoso de non se ter comprometido cos empresarios do Polígono. O prezo foi disuasorio moitos anos. Recordo convocatorias de axudas dende 2009 ás que non se presentou o Concello. Recordo iniciativas do seu Grupo. Aplaudimos a iniciativa, pero nós instamos a solicitar todas as axudas que se convoquen.

De Dña. M^a José Vega Buján, portavoz suplente do Grupo do BNG, que di que apoian a moción. A portavoz do PP aproveita para puyas sobre a etapa anterior. Ten memoria selectiva. Recordo historia e circunstancias de prezos do Polígono e da acción do anterior Alcalde, e cousas que se fixeron na outra etapa anterior. É inviable ir a todas as convocatorias, polo financiamento das aportacións. Moitos polígonos saíron de plans estratéxicos e non de subvencións.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di compartir o espírito da moción, pero no punto 1º, a subministración eléctrica ten que ver con Fenosa, problemas de auga non hai e si de saneamento; no punto 2º, a conexión é estrada autonómica, e no punto 3º, o que está sen desbrozar é de Solo Industrial do Atlántico como dono da parcela. Apoiamos a iniciativa por ser en favor do polígono.

De Dña. Maribel García Díaz, que agradece o voto manifestado. No punto 2, a información témola dos empresarios, que diga Xunta de Galicia, se o dato é ese. Trala disputa BNG-PP, pedirlle ás dúas que miremos para o futuro. Hai moitas parcelas sen adxudicar ou vender, en estado non bo. Pregunta se polas parcelas non vendidas paga IBI Solo Industrial do Atlántico.

De Dña. Julia Rodríguez Barreira, que non era a súa intención entrar en disputas. Coincidimos en mirar para o futuro. Sinto o da Sra. Vega, pero a historia recente está aí. Tratamos coa nosa emenda de aglutinar administracións, pero se non se acepta, miraremos.

De Dña. M^a José Vega Buján, que di que non está de acordo coa emenda do PP. Só fala dos últimos anos. Como se fixeron os polígonos de Salvaterra ou Lalín? Está Xestur, que fai política estratéxica de parques empresariais. Non lle vai falar á portavoz do PP de empresas que foron mal, que se atreva a ela a unha iniciativa sobre iso, pero é mellor que non entre por aí, porque faralle dano a empresas de Monforte.

Do Sr. Alcalde, que di que hai un mes dixémoslle a Solo Industrial do Atlántico que limpe as parcelas. Trasládalle á Interventora a pregunta que antes se fixo. A funcionaria di que á Intervención non lle constan ingresos por ese concepto.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que se é así, insta ao equipo de goberno para que requira á empresa a que pague o que lle corresponde. A emenda do PP non é incompatible como engadido á moción, admítoa como emenda de adición.

(Hai unha última discusión sobre a emenda do PP, que ao final non se incorpora).

9. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ESPERTA MONFORTE SOBRE O REGULAMENTO DE USO DE BICICLETAS.

(No debate conxunto deste asunto e do seguinte auséntanse e reincorpóranse Dna. Marina M^a Douton Rajo, Dna. Alicia I. Cadarso Palau e Dna. Gloria M^a Prada Rodríguez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción e a que figura no punto seguinte da orde do día, foron ditaminadas favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e con correccións incorporadas tralas intervencións regulamentarias en debate conxunto co punto 10 e unha emenda engadida, acórdase o seguinte:

“Exposición de motivos.

Dende EM consideramos que antes de elaborar unha ordenanza específica sobre a circulación de peóns e ciclistas , compre que definamos que Monforte queremos, e elaborem un Plan de mobilidade municipal , que camiñe cara a un modelo máis amable, sostible e seguro.

Propoñemos levar a cabo distintas medidas tendentes a fomentar os desprazamento a pé e a fomentar o uso da bicicleta como medio de transporte, así como outras solucións de mobilidade sostible.

Polo tanto, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

1.- Se desenrole un planeamento que regule o uso da bicicleta, que inclúa – alomenos- os seguintes puntos:

- Primar os desprazamentos a pé ou en bicicleta
- Coexistencia de uso de peóns e ciclistas en áreas peónís (ruas, e paseos a beira do río), con prioridade para peóns e limitación de velocidade para ciclistas, que en todo caso adecuaran a velocidade a densidade de persoas que utilizen esa vías en cada momento.

- Prohibición de uso de bicicletas nas beirarruas
- Sinalizar as zonas en que existe tránsito de coexistencia de peóns e ciclistas coas limitacións anteditas
- Configurar a cidade, de forma que permita a utilización conxunta dos mesmos espazos para bicis e automóbiles en condicións de seguridade.
- Medidas para calmar o tránsito de automóbiles e motocicletas, establecendo zonas no interior do ámbito urbano que permitan unha circulación segura de peons e ciclistas.”

2.- Acomodar a velocidade que sexa adecuada para unha convivencia segura entre ciclistas e vehículos, sen especificar a velocidade/hora á que deben ir, dado que serán os técnicos os que indiquen as devanditas velocidades”.

No debate conxunto deste asunto e do seguinte da orde do día, producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que le a moción.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que expón a moción do seu Grupo. Respecto á de Esperta Monforte, a concreción da velocidade debe quedar para un momento posterior.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que pon exemplos como o de Pontevedra. Non hai problemas, senón casos puntuais. Debemos abordar unha Ordenanza xeral de mobilidade. Le normativa sobre beirarrúas e zonas peonís. Non entendemos unha Ordenanza especial de bicicletas. Hai cousas a solventar pola Policía Local. Le a emenda do seu Grupo. Do foro de mobilidade, a favor, pero sobre todo con técnicos, incluído o equipo redactor do Plan especial. En Monforte sempre houbo bicicletas, usadas mesmo por persoas maiores, debemos propialo.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di coincidir co espírito das mocións. A bicicleta debe encamiñarse a humanizar a cidade, iso pasa por unha norma como a formulada polo BNG. Primeiro hai que escoitar aos técnicos. Despois, a aportación de todos nos parámetros legais.

De Dna. Maribel García Díaz, que lle parece asumible o do PP, pero incompleto. Ningún problema en retirar as referencias de velocidade.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que a súa moción está clara: escoitar a todo o mundo no Foro de mobilidade, contar cos técnicos para a Ordenanza. Podemos alterar a orde. Alterámola, e no punto do Foro, despois de “dirixido”, “dirixido a concretar os termos da Ordenanza”.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que non lles queda claro o do PP. O foro é só para bicicleta, cando deberíamos amplialo. Hai caso puntuais de pouco civismo, pero é máis adecuado unha Ordenanza de toda a mobilidade.

Do Sr. Alcalde, que di que as dúas iniciativas son para bicicletas. Digan se estamos falando do mesmo: regular o uso das bicicletas.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que na exposición de motivos aparece un Plan de mobilidade municipal, que pode ser o foro da moción do PP, que é asumible, pero incompleta. Acepta a emenda do BNG. E a moción do PP, se o foro de mobilidade é o que entendeu; se non, abstención.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que focalizan os problemas nesta cuestión. O outro, a Ordenanza de tráfico, é outra cuestión, que pode ser obxecto doutra iniciativa.

Do Sr. Alcalde, que di que respecto á moción de Esperta Monforte, vótase o que se solicita co engadido do BNG.

10. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A CONSTITUCIÓN DUN FORO DE MOBILIDADE E A ELABORACIÓN DUNHA ORDENANZA REGULADORA DO USO DA BICICLETA NA NOSA CIDADE.

En base ao ditame da Comisión e e con modificacións resultantes tralas intervencións regulamentarias, en debate conxunto co punto 9 da orde do día, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

1.É sabido que o uso da bicicleta como medio de transporte está xeneralizado en moitas cidades e vilas do noso país e do resto da Unión Europea.

2.A bicicleta tense convertido nun medio de transporte sostible que contribue a facilitar a mobilidade dos cidadáns, con repercusións favorables dende o punto de vista económico e da saúde dos seus usuarios, pero tamén con efectos medioambientais favorables para todos os cidadáns.

3.A nosa cidade non é unha illa allea a esta tendencia. A orografía da cidade e a nosa climatoloxía favorecen o seu uso en boa parte do ano e por iso, nos últimos tempos é habitual ver veciños que utilizan a bicicleta como medio de transporte nas nosas rúas.

4.E obriga da Corporación Municipal, facerse eco desta realidade e das bondades que este medio de transporte representa nunha cidade como a nosa.

5. Pero tamén compre ter presente a necesidade de regular o uso da bicicleta para garantir a pacífica convivencia do seu uso coa necesaria circulación de vehículos e peóns en condicións de seguridade.

6. Ultimamente, temos coñecido queixas de veciños, derivadas do uso de bicicletas en beirarruas, ou con exceso de velocidade en zonas peonais, na medida en que teñen xenerado un risco para os peóns que circulan por elas.

7. Compre adoitar medidas reguladoras do uso da bicicleta, que permitan potenciar o seu uso en condicións de seguridade e desenvolver campañas de concienciación sobre a necesaria convivencia destes diferentes modos de desprazarse.

8. Por tal motivo, consideramos necesario, dotarnos dunha Ordenanza que regule o uso das bicicletas na nosa cidade, o tempo que favorezca a súa potenciación como medio de transporte, en convivencia pacífica con outras formas de desprazamento.

9. E a fin de acadar o maior consenso posible a tal fin, estimamos conveniente crear un Foro de Movilidade, do que participen os portavoces dos grupos municipais, pero tamén representantes de asociacións veciñais, de comerciantes, medioambientais e ciclistas.

Por todo o exposto, o Pleno, por doce votos a favor (Grupos do PP, Socialista e de Esperta Monforte) e cinco abstencións (Grupo do BNG), adopta o seguinte

ACORDO

INSTAR O EQUIPO DE GOBERNO:

1º A elaborar unha Ordenanza que regule o uso das bicicletas na nosa cidade, o tempo que favorezca a súa potenciación como medio de transporte, en convivencia pacífica e en condicións de seguridade para ciclistas, peóns e vehículos.”

2º A constituir un Foro de Movilidade, no que participen os portavoces dos grupos municipais, ademais de asociacións e colectivos veciñais, comerciais, medioambientais e ciclistas, dirixido a concretar os termos da Ordenanza.”

11. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DE ACTOS CONMEMORATIVOS DO IV CENTENARIO DA PUBLICACIÓN DA SEGUNDA PARTE DO QUIJOTE, ADICADA AO VII CONDE DE LEMOS.

Polo Sr. Secretario dáse lectura do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

*Pleno da Corporación
Sesión ordinaria do 28.09.2015*

1.- O pasado mes de febreiro, o Grupo Municipal Popular elevou unha moción o Pleno da Corporación, na que se instaba ao equipo de goberno a:

1.- Organizar un programa de actos conmemorativos do IV CENTENARIO DA PUBLICACIÓN DA SEGUNDA PARTE DO "QUIJOTE" que Miguel de Cervantes adicou a D. Pedro Fernández de Castro, VII CONDE DE LEMOS.

2.- Porlle ó edificio multiusos, na parte que non se adica a conservatorio, o nome de PEDRO FERNÁNDEZ DE CASTRO, VII CONDE DE LEMOS, que pasará a denominarse "Edificio Multiusos, PEDRO FERNÁNDEZ DE CASTRO, VII CONDE DE LEMOS", dispoñendo o necesario para a súa identificación con ese nome.

Aquela iniciativa viña motivada polo feito de que ante unha efeméride de tal importancia, -que se estaba a conmemorar en Comunidades autónomas como Castilla-La Mancha, e Concellos de toda España, e incluso en cidades europeas ou americanas como Nápoles ou Perú-, o Concello de Monforte, permanecía alleo a este acontecemento, que debería servir, non só para poñer en valor o noso patrimonio cultural e histórico e unha figura da relevancia histórica e literaria do VII Conde, senón tamén para promocionar a nosa cidade no marco dunha serie de eventos organizados con ocasión deste IV centenario.

A pesares da aprobación en Pleno daquela iniciativa, os meses transcorriron, e a excepción dun caderno de entretenemento que este grupo elaborou e repartiu entre os escolares de primaria do noso concello, e unha iniciativa de lectura dunha asociación, ningunha actividade nin acto conmemorativo, se ten organizado relacionada co IV centenario da publicación da segunda parte de EL QUIJOTE, e dende logo, ningunha por parte do Concello de Monforte.

2.- Sobra reiterar o descontento deste grupo, que comparten moitos monfortinos, polo feito de ter deixado pasar unha oportunidade tan relevante como esta para promocionar un dos moitos valores do noso patrimonio histórico e cultural.

E por isto, que, reiterando o contido daquela iniciativa, interesamos que no que queda de ano, se celebren actos conmemorativos da publicación da segunda parte de El Quijote e da súa dedicatoria o VII Conde de Lemos.

Por todo o anterior, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO A:

1.- A organizar, no que queda de ano, un programa de actos conmemorativos do IV CENTENARIO DA PUBLICACIÓN DA SEGUNDA PARTE DO "QUIJOTE" que Miguel de Cervantes adicou a D. Pedro Fernández de Castro, VII CONDE DE LEMOS.

2.- A dar cumprimento ao acordo plenario de febreiro de 2015 derivado da iniciativa do Grupo Municipal Popular, en relación a Conmemoración da Publicación da Segunda Parte do “Quijote”.

No debate deste asunto, producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que expón a moción.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di estar a favor de actos que poñan isto en valor.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que considera que se deben facer actos ao respecto. En abril, o goberno do BNG fixo cousas. Supoñemos que o actual ten en mente levar a cabo algún acto.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que darán cumprimento ao acordado en febreiro e van apoiar a moción. Estamos deseñando varios tipos de actos, algún para o ano próximo se pola súa entidade non se pode agora. En próximos días, informaremos deles. Isto pódese enlazar co cuarto centenario da morte de Cervantes, que é no ano que ven.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que agradece o cuadernillo que fixeron os do seu partido. Lamenta que se houbo actos do anterior equipo de goberno, non tivesen a repercusión debida.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que houbo unha asociación que fixo lectura continua en varios idiomas, que se conte con ela para actos a facer.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que están a favor. Si se fixo algún acto na biblioteca.

12. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A CREACIÓN DUN SERVIZO DE RECLAMACIÓNS E SUXERENCIAS VECIÑAIS EN RELACIÓN AOS SERVIZOS MUNICIPAIS.

(No debate deste asunto auséntanse e reincorpóranse Dna. Pilar López Martínez, Dna. Gloria Mª Prada Rodríguez e D. Manuel Jesús López Sánchez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. A moción di o seguinte, cunha modificación do propio Grupo propoñente:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. É sabido que na nosa cidade se teñen producido e se producen incumprimentos por parte de concesionarias de servizos municipais, que deron e darán lugar a perxuizos para o Concello, pero tamén para os usuarios deses servizos.
2. Este grupo municipal ten recibido queixas de veciños, que non sempre se poden resolver por medio dunha reclamación de responsabilidade patrimonial, senón que se enmarcan nunha falla na debida atención e na vontade de resolución que, dentro das posibilidades, deben rexir a prestación dos servizos públicos, ocasionando molestias e perxuizos innecesarios os usuarios.
3. Estas incidencias, non sempre se materializan en queixas e reclamacións ante as propias empresas concesionarias, e pasan desapercibidas para o propio Concello, que en moitos casos, nin ten coñecemento de que se están producindo.
4. Neste afán por mellorar a atención que se lle presta o cidadán e correxir deficiencias que se poidan producir na prestación dos servizos municipais, a veces facilmente subsanables, debemos incluír non só aqueles servizos que se prestan de modo indirecto a través de concesionarias, senón tamén de modo directo polo propio Concello.
5. Pero a mellora dos servizos públicos municipais, debe favorecerse, non só a través das queixas e reclamacións que poidan formular os usuarios, senón tamén a través das súas suxerencias e aportacións.
6. E por isto, que consideramos necesario crear un servizo de reclamacións e suxerencias en relación ao modo en que se prestan os servizos municipais, que teña un tratamento diferenciado co resto de reclamacións que se poidan formular, -nunca incompatible- fisicamente nas propias dependencias municipais, ou a través da páxina web do Concello.
7. Entendemos que se debe establecer un método que permita deixar constancia da presentación da queixa ou suxerencia formulada.
8. E ademais consideramos necesario dar traslado de forma periódica nas comisións informativas das queixas formuladas, e das solucións aportadas dende o equipo de goberno, a fin de tomar coñecemento das incidencias que se estén a producir na prestación dos servizos públicos municipais.
9. Consideramos que un servizo desta natureza tería evitado e correxido deficiencias -que se mantiveron no tempo- na actuación dalgunhas concesionarias, e creemos que contribuirá a correxilas no futuro.

Por todo o exposto, este grupo municipal, eleva o Pleno da Corporación a seguinte proposta:

INSTAR O EQUIPO DE GOBERNO:

*Pleno da Corporación
Sesión ordinaria do 28.09.2015*

1.- A habilitar un mecanismo de rexistro de reclamacións e suxerencias en relación ao modo en que se prestan os servizos municipais, xa se presten de modo directo ou a través de concesionarias, que permita diferencialas do resto de reclamacións que se poidan formular, -nunca incompatibles-.

2.- Que trimestralmente se poña en coñecemento da Comisión Informativa de Servizos, das queixas formuladas, e das solucións aportadas dende o equipo de goberno, a fin de tomar coñecemento das incidencias que se estén a producir na prestación dos servizos públicos municipais.”

Tralas intervencións regulamentarias, o Pleno, por seis votos a favor (Grupos do PP e de Esperta Monforte) e once votos en contra (Grupos Socialista e do BNG), adopta o seguinte

ACORDO

Non aprobar a moción do grupo municipal do PP sobre a creación dun servizo de reclamacións e suxerencias veciñais en relación aos servizos municipais.

No debate deste asunto, producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que a nova redacción que presenta dos acordos da moción resulta do tratado na Comisión informativa. Son reclamacións que non dean lugar a responsabilidade patrimonial.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que pensou que se refería ao que aparece no DOG do 27 de xullo de 2015. Xa dixo o Secretario que non é factible unha oficina de información.

De Dna. M^a José Vega Buján, portavoz suplente do Grupo do BNG, que di que xa viu a opinión do Secretario na Comisión informativa. No plano das ideas, unha atención integral ao cidadán sería o mellor, difícil de dotar neste Concello a curto prazo. Non teño nada claro un rexistro propio das reclamacións por servizos. Ou é que se trata dun buzón de suxestións, anónimo, sen represalias. A que lle chama rexistro específico e a que reclamacións. Non estou de acordo co sesgo que lle dá.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que plausible a formulación, pero dificultosa de poñer en práctica. Está a dualidade apuntada polo BNG, coa posible reclamación dende o anonimato, vía alternativa pouco segura. Os conceptos queixa e suxestión superpóñense. A reclamación debe ir polos canles establecidos. Non vexo oportuno un buzón de queixas.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que se trata de mellorar os servizos públicos. Nos últimos anos, non cumprimos por exemplo horarios dun contrato

concesional, con reclamacións de veciños que non pasaron da concesionaria. As formas poden ser variadas. Tamén tivemos incidencias no servizo de recadación.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que Esperta Monforte está de acordo con todo aquilo que beneficie á cidadanía, pero isto non o acaba de ver.

De Dna. M^a José Vega Buján, que di que lle costa entendelo. Actualmente na páxina web hai acceso para calquera cousa que se queira formular. Está o acceso ao Rexistro. Non entendo o plus a lograr. O problema que lle contaron a vostede, é o problema de que non veñen ao Concello a contalo.

De D. Iban Torres Rodríguez, que di que non acaban de ver a dicotomía que se pode prantexar entre páxina web e escrito manuscrito. Invitaría a potenciar a primeira. Imos ensinar a pescar, en lugar de dar o peixe.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que hai xente maior sen acceso á páxina web. Que veu xente ata tres veces e non foi atendida. Queremos que se habilite un mecanismo, facer partícipes aos veciños da calidade dos servizos públicos.

13. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A PROMOCIÓN DO LEITE GALEGO NO NOSO CONCELLO.

(No debate conxunto deste asunto e do 16 da orde do día, auséntanse e reincorpóranse Dna. Julia Rodríguez Barreira, Dna. Purificación Argiz Quintas, D.Manuel Jesús López Sánchez e D.Emilio José Sánchez Iglesias).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción e a que figura no punto 16 da orde do día, foron ditaminadas favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. A moción deste punto 13 di o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

1.O sector lácteo galego en xeral e o deste concello en particular, veñen sufrindo unha crise de prezos que ten que ver con varios factores e cunha conxuntura mundial de exceso de leite producido e unha baixada xeneralizada do seu consumo, que rolda o 3%.

2.Nas explotacións galegas prodúcese un leite de excelente calidade motivado por unha mellora xenética importante, a suma de condicións xeográficas e un manexo excepcional das vacas. Impulsar o seu consumo e recoñecemento é o traballo que está a desenvolver a Xunta de Galicia a través dunha campaña de promoción da marca “Galega 100%”, que identifica co seu selo o leite de calidade diferenciada producido nas explotacións da nosa comunidade.

3.Esta medida de valorización do noso produto de calidade completárase en breve coa diferenciación dos produtos amparados pola marca nos lineais dos supermercados, de

xeito que os consumidores e consumidoras poderán escoller máis doadamente o leite galego de calidade diferenciada.

4.A maiores, os galegos e galegas tamén teremos unha iniciativa promocional de tetrabriks pequenos de “Galega 100%” para fomentar o consumo de leite entre a sociedade.

5.Con todo, é preciso sumar esforzos de todas as administracións para avanzar nesta promoción que estimule o consumo de leite e permita identificar a súa orixe, permitindo que o leite galego sexa recoñecido entre os consumidores.

6.Por tanto, dada a situación actual do sector leiteiro, tan importante na economía deste municipio e da Comarca de Lemos, e considerando a necesidade de aumentar o consumo e diferenciación dos produtos lácteos galegos no mercado, propoño ao Concello de Monforte a aprobación dos seguintes ACORDOS

“Primeiro: Solicitar á Consellería do Medio Rural e do Mar a adhesión do concello de Monforte de Lemos á campaña promocional do leite de calidade diferenciada producida nas explotacións galegas “Galega 100%”.

Segundo: Promover accións, en conxunto cos colectivos sociais e empresariais deste termo municipal, para levar a cabo accións de promoción de “Galega 100%” entre os consumidores en xeral.

Terceiro: Desenvolver esas medidas de inmediato, facendo fincapé, entre outros, nos seguintes aspectos:

a) difusión da campaña publicitaria de “Galega 100%”

b) accións de concienciación coas asociacións de consumidores mediante o reparto de leite “Galega 100%” e a visita de explotacións gandeiras e industrias lácteas adheridas a “Galega 100%”

c) accións de promoción entre o gremio hostaleiro mediante o reparto de leite amparado co selo “Galega 100%”

d) medidas de entrega de leite “Galega 100%” nos principais eventos lúdico-festivos e deportivos deste Concello/provincia.

Cuarto: Solicitar a Deputación de Lugo que elabore un plan de apoio o sector lácteo para a mellora da calidade do leite nas explotacións gandeiras do Concello de Monforte de Lemos en colaboración coas cooperativas, de forma coordinada con outras que se acheguen desde a Unión Europea, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente ou a Consellería de Medio Rural e Mar.”

Tralas intervencións regulamentarias, en debate conxunto coa moción do punto 16 da orde do día, o Pleno, por cinco votos a favor (Grupo do PP), seis votos en contra (Grupo Socialista) e seis abstencións (Grupos do BNG e de Esperta Monforte), adopta o seguinte

ACORDO

Non aprobar a moción do grupo municipal do do PP para a promoción do leite galego no noso Concello.

*Pleno da Corporación
Sesión ordinaria do 28.09.2015*

No debate deste asunto conxunto co do punto 16, producíronse as seguintes intervencións:

De D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez, portavoz suplente do Grupo do PP, que expón a moción do seu Grupo.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que defende a moción do seu Grupo e fai preguntas críticas sobre a formulada polo PP.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que no Pleno de xullo aprobouse unha moción do BNG coa abstención do PP. Con todo o cariño: gran hipocresía. Recorda as esencias daquela moción, e agora veñen cunha campaña. Está fóra de toda lóxica vir con isto cando dixeron non a aquelas medidas fáciles de facer.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que non se recollen polo PP as principais reivindicacións. Son mocións diferentes: a do PP, unha campaña basicamente dependente da Xunta de Galicia –crítica puntos dela-; a do PSOE, máis completa na liña da nosa de xullo.

De D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez, que di que pola adhesión á campaña, a Consellería facilitará leite, trípticos, algunha pancarta. Recorda campañas de reparto escolar de leite e de reparto de froita.

De D. Iban Torres Rodríguez, que di que o portavoz do PP é coñecedor da materia, por defender o indefendible. Non entende o de entregar leite en actos lúdico-deportivos. En contra da moción.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que se esa campaña é realmente beneficiosa, por que no Hospital non é galega 100%. Tamén esixible nos colexios concertados. Por iso, lamenta non apoiala; a do PSOE, si, sendo das mocións tipo, das que non é moi entusiasta, pero na liña da de xullo.

De Dna. Pilar López Martínez, que di descoñecer o das campañas do leite. Sobre convenios de adhesión, primeiro traia o texto. Formula dúbidas sobre o que se formula na moción do PP.

De D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez, que se refire ao acordo lácteo entre produtores, industriais, etc. Non é posible fixar un prezo no mercado, pódense elaborar mecanismos, pero nin garantir volumen nin determinar prezo. Vanse abster na moción do PSOE.

De D. Iban Torres Rodríguez, que di que si se fixan prezos nas eléctricas, no petróleo, onde hai máis interese. Son desfavorables á moción do PP. Piden apoio para a súa.

14. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA QUE SE SOLVENTEN OS PROBLEMAS EN ATENCIÓN PRIMARIA.

(No debate conxunto deste asunto e do seguinte auséntase e reincorpórase Dña. Gloria Mª Prada Rodríguez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción e a que figura no punto seguinte da orde do día, foron ditaminadas favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias en debate conxunto co punto 15, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Este verán asistimos a un caos organizativo no funcionamento do Centro de Saúde de Monforte de Lemos co conseguinte deterioro da asistencia sanitaria que se lles presta aos cidadáns no devandito centro.

Isto produciuse polos seguintes motivos que pasamos a numerar:

1. Está aínda sen cubrir unha das vacantas que se produciron no último concurso de traslados de hai aproximadamente un ano.
2. Non se substituíu o persoal sanitario nas vacacións como se viña facendo anteriormente, nin tampouco as baixas por enfermidade, a pesar do incremento da demanda asistencial debido ao aumento de poboación durante o verán.

Todo isto tivo como consecuencia:

- Incremento intolerable da lista de espera para consulta.
- Masificación das consultas cos conseguíntes prexuízos tanto para o paciente como para o persoal sanitario.
Sobrecarga do servizo de Urgencias porque a xente que non se atendía nas consultas normais, loxicamente acudía a urxencias en demanda da asistencia.

Por todo o anteriormente exposto, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

Que o concello se dirixa ao Sergas, como responsable desta situación para:

- a) Cubrir a vacante pendente dende hai meses, dado que a poboación segue sendo a mesma pero, cada vez, máis envellecida e polo tanto máis demandante da asistencia sanitaria.
- b) Cubrir as vacacións e as baixas por enfermidade do persoal sanitario, como sempre se fixo, para evitar o empeoramento da situación sanitaria que padeceron tanto os usuarios como os traballadores.”

No debate deste asunto conxunto co punto seguinte, producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Alicia Cadarso Palau, portavoz suplente do Grupo do BNG, que di que recollen moitas queixas dos usuarios e traballadores da saúde de Monforte. Hai cobertura precaria de prazas, aumento da poboación no verán, incremento de listas de espera, etc.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que chove sobre mollado. Non está xustificado o factor economicista para a sanidade. Debemos solicitar con enerxía que se reconduza a situación. Le o acordo da moción do seu Grupo.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que lle di a Alicia Cadarso que non se enterou de nada, que non escoitou a Julia Rodríguez que a xestión integrada sería marabillosa. Non ahí sentido común, porque é máis caro atender en urxencias. Pon diversos exemplos de carencias e malos funcionamentos. A favor das dúas mocións.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que hai cousas que funcionan mal e non só por xestión. Non acepta o catastrofismo. Os medios son os que hai, pero non se dá a desatención que se di. De acordo co caso concreto da moción do BNG.

De Dna. Alicia Cadarso Palau, que volve sobre o que pide a moción do seu Grupo. Fala do deber dos sanitarios e critica como funcionan algúns cargos directivos. Non entende algunha cousa que pasa. A favor da moción do PSOE.

De D. Iban Torres Rodríguez, que di que estar en contra da moción do BNG sería non involucrase na defensa da asistencia aos cidadáns. Critica de novo o criterio economicista.

De Dna. Maribel García Díaz, que defende as súa posición nesta materia fronte a críticas recibidas. Temos profesionais de primeira. As queixas son sobre quen xestiona.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que recorda á de Esperta Monforte que si dixo cousas. Coincide con cousas da exposición do BNG, pero explica tamén circunstancias habidas sobre ratio de pacientes e demais.

De Dna. Alicia Cadarso Palau, que di que defende o servizo público. Cre que o xerente de Monforte viña con ganas de traballar, pero está por riba o de Lugo.

15. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE COBERTURA SANITARIA UNIVERSAL DO SISTEMA NACIONAL DE SAÚDE.

En base ao ditame da Comisión e tralas intervencións regulamentarias, en debate conxunto co punto 14 da orde do día, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O Real decreto - lei 16/2012, do 20 de abril do Goberno do PP, entre outras disposicións, modificou o artigo 12 da Lei 4/2000 de estranxeiría suprimindo o acceso ao Sistema Nacional de Saúde en igualdade de condicións cos españois para os inmigrantes empadroados, limitando a súa atención aos supostos de emerxencia, embarazo parto e postparto, e menores de 18 anos.

Esta norma foi frontalmente contestada por partidos políticos da oposición e por sectores moi amplos e diversos da sociedade española (organizacións de dereitos humanos, humanitarias e de cooperación, sociedades profesionais e científico - médicas, sindicatos, gobernos autonómicos, etc.) por negar o dereito humano á saúde e ao acceso aos servizos sanitarios, por ser lesiva para a saúde pública xeral, por inhumana e inxusta, por improvisada, etc., pero tamén por falta de rigor nos supostos de abusos e aforro cos que o Goberno do PP pretendeu xustificala.

Os Socialistas temos manifestado sempre con toda claridade e contundencia o noso absoluto desacordo cun real decreto lei que veu modificar o modelo de sanidade pública que ata agora tiñamos, pois o que para nós sempre foi un DEREITO ligado a condición de cidadán co decreto do PP transformábase nun SERVIZO reservado só para as persoas aseguradas.

Así, nas comunidades autónomas gobernadas polo PSOE (Andalucía e Asturias, xunto con País Vasco e Navarra encontraron formas de dar atención ós inmigrantes ante a hostilidade do Goberno de Rajoy, que obstaculizou estas medidas chegando a recorrelas, sen éxito, nos tribunais.

As eleccións do 24 de maio pasado cambiaron radicalmente a paisaxe política das comunidades autónomas, desaloxando delas moitos gobernos do PP e levando ao PSOE aos gobernos de Aragón, Baleares, Cantabria, Castela- A Mancha, Estremadura, Comunidade Valenciana e Canarias. Estes gobernos, consecuentes cos valores

socialistas, apresuráronse a dar atención sanitaria aos inmigrantes dos seus territorios excluídos polo Real decreto lei 16/2012.

Ante esas medidas o PP a través do Goberno central reacciona disparatada, precipitada e descoordinadamente, ameazando primeiro ás comunidades autónomas cunhas fantasiosas sancións da UE, para logo contradicirse e facer a enésima proposta preelectoral para solucionar o problema. Pois xa leva o PP feito toda unha serie de propostas absurdas, a maioría electoralistas, por tratar non de solucionar o problema creado por eles, senón para tratar de recuperar os votos perdidos cunha medida tan antisocial.

Primeiro encargaron ás ONGs a atención destes colectivos; despois faláron de facturar a atención aos países de orixe dos inmigrantes; mais tarde dixeron que os inmigrantes ilegais subscribiran un seguro (*"convenio especial de prestación de asistencia sanitaria a persoas que no teñan a condición de aseguradas ni de beneficiarias do Sistema Nacional de Saúde e se modifica o Real decreto 1192/2012"*), aprobado no Real Decreto 576/2013, o que resultou un fracaso sen paliativos, como era de esperar; e así ata chegar as eleccións de maio 2015, que, como primeira promesa preelectoral, se comprometeron a habilitar o acceso á Atención Primaria, xusto antes das eleccións autonómicas.

Agora, antes das eleccións xerais, fan a segunda promesa preelectoral: a creación dun rexistro nacional de inmigrantes sen papeis, iniciativa/ocorrência do Ministerio de Sanidade, absolutamente disparatada, tal e como temos denunciado os socialistas, as organizacións humanitarias, as profesionais e as sanitarias.

A única alternativa posible e sería para solucionar á situación creada polo Real decreto lei 16/2012 do Goberno PP é solo a súa DERROGACIÓN e SUBSTITUCIÓN por outra lei que recoñeza *"a cobertura sanitaria universal como dereito constitucional de cidadanía e/ou residencia, en igualdade de condicións para todos"*.

Está moi claro que a iniciativa última do Ministro de Sanidade do Goberno PP é disparatada por ser contraditoria nos seus termos (¿registro nacional de sen papeis?) e pola súa imposible implementación práctica.

O PSOE dende os gobernos das comunidades autónomas, Parlamentos autonómicos, e concellos defenderemos unha sanidade universal, pública e de calidade, esixindo ao Goberno seriedade, rigor e coherencia en materia sanitaria.

Por todo o anterior, o Pleno, por doce votos a favor (Grupos Socialista, do BNG e de Esperta Monforte) e cinco votos en contra (Grupo do PP), adopta o seguinte

ACORDO

O Concello de Monforte de Lemos insta ao Goberno do Estado a que, de forme inmediata, derroque o Real decreto lei 16/2012 e o substitúa por outra lei que recoñeza a cobertura sanitaria universal do Sistema Nacional de Saúde como dereito constitucional de cidadanía e/ou residencia, en igualdade de condicións para todas as persoas.”

16. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE APOIO AO SECTOR LÁCTEO GALEGO.

En base ao ditame da Comisión e tralas intervencións regulamentarias, en debate conxunto co punto 13 da orde do día, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

As explotacións lácteas galegas están nunha situación económica límite: ameazadas con deixar de recollerlles o leite, prezos ruinosos, a imposición de contratos de condicións abusivas por parte das industrias e a banalización do leite por parte da distribución, que segue a empregalo como produto reclamo.

Miles de familias viven de xeito directo e indirecto da produción de leite en Galicia, sendo en moitas comarcas un sector estratéxico tanto a nivel de emprego como dende o punto de vista económico, social ou de xestión do territorio. Fronte á profunda crise que está a vivir o sector lácteo galego e á ameaza de deslocalización da produción de leite cara a outras partes do estado e de Europa.

A mala acollida nun principio do paquete lácteo, polo menos por unha banda do sector industrial, contribuíu a que en España se produza un fenómeno que non ten precedentes en ningún país da UE e moito menos nun país deficitario como é o noso, cal é o abandono de rutas de recolleita ou ameazas de non recoller. Esta situación é insostible e menos nun produto tan perecedeiro como o leite.

A sinatura de máis de 3.000 contratos con prezos de entre 18 e 22 céntimos por litro, arruína aos gandeiros a curto prazo e ameaza con desequilibrar toda a cadea de valor.

Dende fai máis de un mes, tanto a nivel galego como nas diferentes comarcas máis importantes de Galicia a nivel de produción de leite, os gandeiros e gandeiras véñense manifestando de forma moi importante esixindo das administracións en xeral e sobre todo do Goberno Galego unha rápida intervención e que lidere propostas políticas a nivel nacional e europeo sen que ata o de agora sexan escoitados.

Por todo o anterior, dado a importancia que o sector representa neste concello, como dinamizador fundamental e base da nosa economía produtiva, o Pleno, por doce votos a favor (Grupos Socialista, do BNG e de Esperta Monforte) e cinco abstencións (Grupo do PP), adopta o seguinte

ACORDO

Solicitar do Goberno da Xunta de Galicia a que de acordo co sector desenvolva medidas políticas urxentes para evitar o peche de miles de explotacións de leite.

MEDIDAS A CURTO PRAZO

1.Cuantificación do excedente lácteo e xestión do mesmo a través dos mecanismos de intervención, almacenamento privado e entrega a terceiros países.

España é un país importador de leite, tanto de produtos elaborados como de leite en po. O goberno de España ten que xustificar a posta en marcha das medidas de intervención desde a idea de que o noso país vive nestes momentos unha situación excepcional con risco de grave desvertebración do conxunto do sector produtor. Débese por en marcha compras públicas de intervención para o leite en po e manteiga a prezos que se cubran polo menos os custos de produción dos gandeiros. O almacenamento privado e a entrega a terceiros países son sen dúbida fórmulas que tamén deben ser postas en marcha. O mundo necesita leite e nos nestes momentos podemos proporcionarlla.

2.A Determinación de un “Prezo Sostible” para o leite, baseado nos prezos mínimos da industria e da distribución tal como están recollidos no observatorio do Ministerio ós que se agregarían o prezo medio da leite na UE-15.

Os gandeiros galegos están dispostos a competir no mercado pero o que non poden e soportar os prezos máis baixos de Europa e con diferencias de ata 8 céntimos con respecto a outras comunidades autónomas do Estado, non e xusto nin explicable por ningunha razón e menos polas razóns do “mercado”. Este prezo nunca podería ser inferior os custos de produción dos gandeiros, algo suficientemente obxetivable.

3.Vixilancia e sanción dos contratos lixo, de modo que se consideren nulos e se logre o compromiso coa industria que opera en España para recolocar ese leite a prezos de mercado.

Nun contexto no que os mercados nacionais e internacionais ofrecen expectativas, é preciso recoller todo o leite que existe no mercado a prezos de mercado.

4.Acabar coa banalización que con frecuencia se fai do leite e so produtos lácteos nos lineais da gran distribución.

É preciso xerar valor na cadea láctea e que devandito valor se reparta ao longo da mesma. Debe cumprirse a lei de Transparencia da Cadea Alimentaria en especial as labores de control, inspección e sanción de prácticas comerciais irregulares.

5.Axudas inmediatas directas ás explotacións, para evitar o peche xa que arrastran moitos meses perdendo cartos.

MEDIDAS A MEDIO PRAZO:

*Pleno da Corporación
Sesión ordinaria do 28.09.2015*

1. Regulación dos primeiros compradores de modo que sexan verdadeiros operadores loxísticos que aporten algún valor na cadea, e non meros intermediarios.

A esixencia de un aval suficiente poder ser unha forma de regulación que ofrezca garantía de cobro aos produtores. Tamén se debe axilizar a retirada do permiso de actividade no caso de reincidencia nas prácticas nocivas para o sector.

2. Necesidade de recuperación do consumo.

Impulso do programa de leite escolar que permita unha mellora da imaxe do leite e os produtos lácteos e un aumento do seu consumo nun fragmento de poboación máis xoven. Mellora da imaxe do leite e os produtos lácteos, utilizando argumentos que contrarresten a imaxe negativa do leite que se da en moitos ámbitos.

3. É preciso estabilizar as relacións entre os distintos axentes da cadea láctea.

A interprofesional láctea e o contrato lácteo son elementos importantes de estabilidade e vertebración sectorial. É preciso buscar fórmulas novidasas que resolvan a difusión dos índices de referenciación de prezos para o seu uso de forma xeneralizada nos contratos lácteos.

É unha prioridade para que a negociación dos termos do contrato se produzan en condicións de equilibrio. Varios son os elementos que producen desequilibrio na negociación. Un é o carácter perecedeiro do produto, a diferenza da capacidade de concentración entre produtor e industrial, e a existencia de unha única canle de venda de leite sexa a primeiros compradores ou a industrias.

4. Aposta por unha verdadeira negociación colectiva dos elementos do contrato a través das organizacións de produtores tal e como o paquete lácteo permite.

Desenvolvemento da figura do mediador, para que interveña naqueles casos en que non exista acordo nas condicións de contrato previo á sinatura do mesmo ou para aqueloutros en que a industria nin sequera se queira sentar coas organizacións de produtores.

A deslocalización da produción láctea é unha das grandes preocupacións pois pode afectar a moitos dos pequenos e medianos produtores de leite. É necesario establecer instrumentos para evitalo.

5. Establecer un plan estratéxico de futuro para o sector lácteo galego.

Consideramos necesarias medidas de carácter estratéxico para reforzar e asegurar a posición de liderado do sector lácteo galego en España e poder facer

fronte en mellores condicións a posibles crises de baixos prezos de mercado que poden repetirse na nova situación de mercado liberalizado. Neste sentido hai que acordar e comprometerse á elaboración urxente, tal como o PSdeG-PSOE reclamou de forma reiterada, dun plan estratéxico de sector Lácteo Galego:

- Contando con todos os axentes implicados.
- Con compromisos orzamentarios axeitados, claros, e calendarizados.
- Con medias enfocadas para que os produtores poidan abaratar os custos de produción e centrados fundamentalmente nun eficaz acceso a máis base territorial
- Con un plan industrial propio galego que conte coas cooperativas, e que dote a este país de estruturas de fabricación de produtos elaborados que xeren maior valor engadido que o leite líquido.”

17. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA ASUMIR A ATENCIÓN AOS REFUXIADOS COMO UNHA CUESTIÓN DE ESTADO.

En base ao ditame da Comisión e tralas intervencións regulamentarias, en debate conxunto co punto 6 da orde do día, acórdase o seguinte:

“Europa está a asistir nestes momentos a unha grave crise humanitaria motivada polo desprazamento de miles de persoas que foxen do terror e a guerra nos seus países de orixe e buscan en Europa un espazo de seguridade, liberdade e respecto aos dereitos humanos.

As connotacións enormemente dramáticas da situación humanitaria que estamos a vivir inclúen a terrible perda de vidas humanas, e demandan que todos nos impliquemos na procura de solucións á mesma.

Esta é unha cuestión de Estado, que require a máxima coordinación na Unión Europea e no resto da Comunidade Internacional; así como a colaboración, a nivel nacional, de todas as Administracións, organizacións e entidades do terceiro sector e sociedade civil no seu conxunto.

A sociedade española volveu a demostrar, unha vez máis, a enorme solidariedade e o gran compromiso que os españois sempre demostraron cos que sofren.

O Goberno da Nación traballa desde hai meses na xestión desta crise. Xa no mes de maio púxose en marcha un equipo de traballo coa participación dos diferentes departamentos ministeriais implicados, do que tomou a testemuña un Grupo Interministerial formado por representantes de sete ministerios, que traballa xa con toda intensidade para preparar, de acordo coas decisións europeas, a xestión do traslado, acollida e integración dos solicitantes de protección internacional.

Así mesmo, reuniuse xa a Conferencia Sectorial da Inmigración, coa participación das Comunidades Autónomas e a Federación Española de Municipios e Provincias e intensificáronse as reunións e contactos coas entidades especializadas na atención e integración de refuxiados, así como cos representantes de ACNUR.

O Goberno da Nación mostrou en todo momento a súa disposición para colaborar á hora de facer fronte a esta crise e comprometeuse a acoller a cantos solicitantes de protección internacional propoña a Comisión Europea, dando proba da máxima responsabilidade e solidariedade nesta cuestión, como en tantas outras e como fixo desde o comezo desta crise.

De feito, o Goberno xa previra un importante incremento nas partidas dedicadas á acollida e integración de refuxiados, no proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2016 aprobado o 31 de xullo polo Consello de Ministros.

Adicionalmente, e en resposta ao agravamento da crise humanitaria, o Consello de Ministros do 11 de setembro aprobou un Real Decreto de axudas extraordinarias, por importe de 13 millóns de euros, ás asociacións implicadas na xestión da axuda aos solicitantes de protección internacional; que supón unha primeira medida inmediata para adecuar a nosa rede de asistencia á nova situación.

En coherencia con iso, o Partido Popular tamén presentou no Congreso dos Deputados unha emenda transaccional aos orzamentos para 2016, apoiada por todos os grupos, para reforzar, con 200 millóns de euros, as partidas dedicadas á atención de solicitantes de protección internacional.

España conta, desde hai anos, cun Sistema de Atención aos refuxiados que deu resposta ás necesidades de cada momento, e que se está reforzando con máis recursos para atender á situación actual. Contamos tamén coa sólida experiencia de ser un país de acollida, pola condición do noso país de fronteira marítima do Sur de Europa, o que nos converte nun referente na atención humanitaria a estranxeiros, así como na reivindicación dunha política europea, conxunta, coordinada e integral en relación aos movementos migratorios de todo tipo.

Pola súa banda, a Xunta de Galicia púxose de inmediato a disposición do Goberno do Estado e asumiu a coordinación de todos os recursos materiais e humanos que se poñan a disposición tanto por parte da propia Administración autonómica como polas administracións locais, polas entidades de iniciativa social e pola poboación galega para facilitar a acollida e integración en Galicia das persoas refuxiadas.

Así mesmo, a Xunta de Galicia e a Fegamp están colaborando intensamente para dar unha resposta coordinada e conxunta a esta crise humanitaria. E nesta labor tamén se está contando coas ONGs con experiencia en materia de refuxiados e asilados e presenza na comunidade.

Por esta razón, para asumir a atención aos refuxiados como unha cuestión de Estado, o Pleno, por once votos a favor (Grupos Socialista e do PP), cinco votos en contra (Grupo do BNG) e unha abstención (Grupo de Esperta Monforte), adopta o seguinte

ACORDO

Instamos a todas as Administracións Públicas a:

- 1.Colaborar dun xeito coordinado para ofrecer unha resposta unificada, conxunta e solidaria a esta crise humanitaria, e en especial á Xunta de Galicia, ao concello de Monforte de Lemos, e á Fegamp, para que en colaboración coas ONG's con presenza en Galicia elaboren e executen un plan de acollida para as persoas refuxiadas poñendo á súa disposición os recursos asistenciais dispoñibles para facer posible a súa acollida e integración.
- 2.Seguir impulsando unha verdadeira política europea, común e integral, de inmigración e asilo, que debe contar con recursos financeiros suficientes.
- 3.Reforzar a capacidade de resposta da Unión Europea ante situacións de emerxencia, como a que estamos a vivir.
- 4.Impulsar a dotación de fondos europeos para reforzar e concentrar os esforzos de cooperación nos países de orixe e, en particular, dun Fondo Fiduciario Europeo para a axuda financeira aos países de África, inspirado nunha proposta realizada polo Goberno de España.
- 5.Dar prioridade ao diálogo e a cooperación cos países de orixe e tránsito, así como cos países limítrofes das zonas de conflito na acollida de refuxiados.
- 6.Colaborar cos países de tránsito para a protección das súas fronteiras e loitar contra as mafias que se lucran con esta traxedia humana.
- 7.Traballar xuntos en cantas iniciativas nos permitan lograr a paz e a estabilidade nos lugares de orixe dos refuxiados."

MOCIÓNS DE URXENCIA. Sendo posibles, por tratarse dunha sesión ordinaria, tanto a presentada por Esperta Monforte trala Comisión informativa, como a do PP como reacción a ela, ambas sobre representación da Corporación municipal en órganos alleos, tras un diálogo entre as portavoces dos Grupos propoñentes e o Sr.Alcalde, non son sometidas a votación de urxencia e quedan pendentes.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

18. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se dá conta: 21.07.2015 a 21.09.2015.

O Sr.Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, dá conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 21 de xullo e o 21 de setembro de 2015.”

19. INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de 24.07 e 10.08.2015) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e do informe de Intervención que o recolle.”

20. DACIÓN DE CONTA DAS LIÑAS XERAIS DO ORZAMENTO DE 2016.

Dáse conta ao Pleno da información remitida ao MINHAP (Ministerio de Facenda e Administracións Públicas) sobre as liñas fundamentais do orzamento para 2016 – aprobadas por Resolución da Alcaldía do 14 de setembro de 2015-, en cumprimento do art. 5 da Orde HAP/2015/2012, que se refire á subministración de información de marcos orzamentarios a medio prazo.”

21. DACIÓN DE CONTA DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DO 2º TRIMESTRE DE 2015 E OUTRA INFORMACIÓN DE COMUNICACIÓN OBRIGATORIA AO MINHAP.

O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira coas Entidades Locais, a efectos de cumprimentar os datos correspondentes a este Concello do 2º trimestre de 2015, dos previstos sobre execucións trimestrais das Entidades Locais.”

22. DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DE AVALIACIÓN CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2015 DO PLAN DE AXUSTE DO CONCELLO (art. 10 do R.D.-lei 7/2012).

A efectos de cumprir co disposto no art. 10 do Real Decreto-lei 7/2012, dáse conta do Informe de Intervención de Avaliación Trimestral (2º trimestre 2015) do Plan de axuste do Concello de Monforte de Lemos, aprobado no seu día para a concertación da operación de endebedamento que financiou aboamentos a provedores tras acollerse o Concello ao mecanismo de pago previsto no Real Decreto-lei 4/2012.”

23. DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O PERIODO MEDIO DE PAGO DO 2º TRIMESTRE DE 2015.

Dáse conta do informe de Intervención sobre o periodo medio de pago do 2º trimestre de 2015, segundo ven definido polo Real Decreto 635/2014. O resumo final é o seguinte:

2 TRIMESTRE 2015	PAGADAS		PENDENTE DE PAGO		PERIODO MEDIO PAGO	
	RATIO	IMPORTE	RATIO	IMPORTE	ENTIDADE	GLOBAL
ORGANISMOS						
I.M.DROGODEPENDENCIAS	-7,23	7.530,90 €	-17,10	820,30 €	-8,20	-8,20
CONCELLO DE MONFORTE	-6,68	1.657.780,34 €	24,40	474.729,85 €	0,24	0,24
Totais 2º Trimestre 2015		1.665.311,24 €		475.550,15 €		
Periodo Medio de Pago Global Concello de Monforte de Lemos (en días)	0,21					

24. DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DE TESOURERÍA SOBRE CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO E MOROSIDADE, CORRESPONDENTES AO 2º TRIMESTRE DE 2015.

A efectos de cumprir co disposto no artigo cuarto.4 da Lei 15/2010, preséntanse no Pleno os seguintes informes, tanto do Concello como do Instituto Municipal de Drogodependencias, correspondentes ao 2º trimestre de 2015:

- De cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais.
- De morosidade.”

25. ROGOS E PREGUNTAS.

Hai tres preguntas do Grupo de Esperta Monforte presentadas por escrito con anterioridade ao Pleno.

Primeira pregunta:

“No último pleno do mes de Xullo espertamonforte! presentou unha pregunta sobre a carencia da lingua galega no paseo que transcorre dende o Parque dos Condes ata Piñeira, como aínda non tivemos resposta, xuntámola coa seguinte que tamén está relacionada co dito paseo.

Como pode ver calquera as beiras do río están cheas de maleza que se non se remedia irán a mais, esperamos que a ninguén se lle ocorra matala con herbicida (e este ben a conto que nos chamou a atención e que foi aprobada en xunta de goberno factura por herbicida e nos gustaría saber para qué e donde) pero si non se fai o debido mantemento esa maleza pode ter incluso risco de incendio. Sen restar importancia ao mal efecto visual que fai.

E por esto que preguntamos

1. Está previsto o mantemento do paseo?
2. Podería o señor alcalde facernos chegar dita previsión?
3. Cal é o estado de legalidade no que se atopa o carril bici?"

O Sr. Alcalde di primeiro que o cartel informativo e dos que fixeron as obras e desaparecerá de aí. Responde logo ás cuestión formuladas:

1. Está previsto o mantemento polo Concello.
2. A medida que se vaia facendo.
3. O carril bici é o que pon o proxecto. É de uso peonil e ciclista. Le do proxecto da obra as súas características.

Segunda pregunta:

"No ano 2010, e con moitos meses de retraso, o Instituto Galego da Vivenda e Solo recibiu as obras de rehabilitación do edificio do antigo Hotel Comercio, que costaron ao redor de 1.500.000 €

Na actualidade o edificio carece de uso, tanto nas vivendas (sin alugar na súa maioría) como o baixo resultante. Para este local, no mes de marzo pasado, o anterior goberno municipal plantexaba un proxecto para convertilo nun centro de arte colaborativo.

Solicitamos ao Sr. Alcalde informe ao pleno da situación actual do edificio, os custes nos que incurre o Concello de Monforte para o seu mantemento e as intencións futuras para a súa posta en valor."

Responde o Sr. Alcalde que a situación actual é que está sen arranxar dende que se alugou. Os custos son 308,04 €/mes, máis 30 €/mes de comunidade. Temos algunha previsión de uso que diremos cando se concrete.

Terceira pregunta:

"Somos conscientes da importancia que para os empresarios da hostalería teñen as terrazas instaladas en terreos de titularidade pública, pero tamén temos conciencia da necesidade de que se cumpran as normas que impoñen as ordenanzas ou en todo caso si así non fora reformalas, de xeito que fagan compatibles o funcionamento dos negocios co resto dos dereitos cidadáns. Concordaremos que as terrazas non deben nin posen obstaculizar nin impedir o libre uso dos espazos públicos e moito menos provocar situacións de perigo, tales como impedir os accesos dos servizos de urxencias, cadeiras de rodas, carriños de nenos, ou de persoas con dificultades na mobilidade e que precisa de axuda como muletas, bastóns ou andadores.

*Pleno da Corporación
Sesión ordinaria do 28.09.2015*

Por tanto, solicitamos resposta as seguintes cuestións:

1. Estase a facer a vixilancia que establece o artigo 13 e 23 da ordenanza?.
2. Teñen licencia todas as terrazas que hai na cidade?
3. Sancionárase se non cumpren a norma?. Cantas multas se levan imposto?.
4. Respetarase na rúa Cardenal a franxa peonil que di o artigo 23?. “

Responde o Sr. Alcalde:

1. O artigo 13 non existe.
2. Non está terminado o tema das licenzas neste momento.
3. Non coñezo sancións.
4. Debe haber erro, pode ser artigo 14. Séguese o réxime xeral de horarios da hostalería con actas de infracción elaboradas pola Policía Local deste Concello que son remitidas á Xunta de Galicia.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo a unha horas e vinte minutos do seguinte día, de todo o cal eu, Secretario, certifico.

Vº e pr.
O Alcalde

